

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

RESOLUCIÓN do 16 de decembro de 2024 pola que se aproba o Plan de xestión da sardiña con arte de xeito para o ano 2025 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Antecedentes:

A actividade profesional pesqueira en Galicia constitúe un sector estratéxico, tanto pola súa dimensión social como polo seu peso económico, debido aos ingresos que lles proporciona ás comunidades costeiras, nas cales estas actividades constitúen o motor principal, e con frecuencia único, da súa economía.

A sardiña (*Sardina pilchardus*) é unha das especies peláxicas máis importantes (quizais a que máis) das que habitan as capas superficiais das plataformas continentais do Atlántico ibérico. A maior parte das capturas realízanse en Galicia (sobre todo na súa fachada oeste) e no norte de Portugal. A maioría das capturas realízanse coa arte de cerco, e unha pequena cantidade coa do xeito. O xeito é unha arte de enmalle moi selectiva, con que se pesca sardiña e bocarte, fundamentalmente; o 85 % das capturas que se realizan coa arte do xeito corresponde á sardiña.

A situación do *stock* ibero-atlántico da sardiña nas zonas CIEM VIIIc e IXa é coñecida. Así, ao longo da historia as oscilacións da produción desta pesqueira foron continuas e, moitas veces, con dramáticas consecuencias para o sector pesqueiro.

Os numerosos estudos realizados sobre a sardiña permiten descifrar as causas da gran variación interanual da produción desta pesqueira. A flutuación é debida a que os recrutamentos teñen unha elevada dependencia das condicións ambientais e oceanográficas. O comportamento relativamente cíclico do recurso é ben coñecido polo sector e polos científicos que traballan nesta pesqueira.

En total en Galicia existen 412 embarcacións que contan con esta arte no seu permiso de explotación, e que polo tanto son susceptibles de despachar esta no momento que se elimine a actual limitación imposta polo Plan de recuperación da sardiña ibérica.

As capturas de sardiña en Galicia de buques despachados ao xeito foi diminuindo do ano 2011 ao ano 2013, para volver incrementarse no 2014 arredor das 200 toneladas,



volvendo descender as capturas no ano 2015 e incrementándose estas unha vez máis no 2016. No ano 2017 os buques con despacho a esta arte foron de 111 e as capturas foron de 208.555 kg, non superando o máximo establecido. No ano 2018, as embarcacións que despacharon á arte de xeito foron 134 capturándose un total de 124.684 kg. Ao longo do ano 2019 capturáronse un total de 110.100 kg, sendo o número de barcos con algún despacho para esta arte 119. Na campaña 2020, alcánzanse unhas capturas de 183.834 kg, tendo despachado ao xeito 143 embarcacións. No ano 2021 as capturas ascenden a 227.732 kg para un total de 112 embarcacións despachadas. Na campaña do ano 2022 as capturas ascenden a 261.661 kg para un total de 112 embarcacións despachadas. Na campaña do ano 2023 as capturas ascenden a 212.377 kg para un total de 149 embarcacións despachadas.

Nas últimas campañas constatase unha melloría no recurso, a cal se acentuou ao longo do ano 2022, o que permitiu a dispoñibilidade dun *stock* de 381.074 kg, pasando no ano 2024 a 434.418 kg que, a través do mecanismo de optimización anual do uso de cotas para o ano 2024, as cantidades dispoñibles de sardiña ibérica para o xeito quedaron en 293.603 kg.

Un plan de xestión pesqueira que reúna as medidas técnicas necesarias para a conservación dos recursos pesqueiros nunha área determinada e que garanta o desenvolvemento socioeconómico da rexión é unha boa medida técnica de control do *stock*. O xeito é unha arte de pesca moi selectiva coa que se captura fundamentalmente sardiña, e o seu plan deberá contar con medidas tales como a limitación de capturas, vedas temporais, límites aos horarios de capturas ou control dos tamaños mínimos.

Para a elaboración do plan de xestión da sardiña con arte de xeito para o ano 2025 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia recibíronse propostas da Federación Galega de Confrarías de Pescadores e foi consultado o sector.

Foron solicitados os informes técnicos correspondentes.

Fundamentos técnicos e xurídicos:

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, establece no artigo 6 que «A política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia terá como obxectivos en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros, os de: 1. O establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación, a xestión e a explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos (...)».



A arte do xeito vén regulada no capítulo III, sección segunda, subsección novena, nos artigos 59 a 62 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo anterior,

RESOLVO:

Autorizar o Plan de xestión con arte de xeito para o ano 2025 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, baixo os seguintes termos e condicións:

1. Obxecto e ámbito de aplicación.

Este plan ten por obxecto regular as capturas e desembarques das especies capturadas coa arte de xeito.

O ámbito de aplicación son as augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Participantes.

Todas aquelas embarcacións que teñan a arte do xeito no seu permiso de explotación.

3. Arte.

O xeito é unha arte de enmalle de deriva que está constituído por un pano rectangular estendido entre dúas trallas, a superior, que consta dun sistema de flotación por boias que permite o calamento a profundidade variable, e a inferior que está lastrada con chumbos. Debe permanecer unido á embarcación mediante un cabo de lonxitude variable, quedando o outro extremo libre.

O xeito deberá ter as seguintes características técnicas:

- 1) A dimensión de malla do xeito estará comprendida entre 23 e 40 milímetros.
- 2) A altura máxima do xeito, logo de armada, entre trallas ou relingas, será de 16 metros.



3) Cada unha das pezas de rede ou panos que compoñen o xeito terá unha lonxitude 70 metros, cunha lonxitude máxima de 100 metros co pano estirado.

4) A lonxitude máxima total do xeito autorizada por buque e día non poderá exceder, en ningún caso, os 1.000 metros.

4. Vixencia do plan.

A época de vixencia do presente plan abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025.

5. Especies.

A especie de captura obxecto deste plan será a sardiña (*Sardina pilchardus*). As demais especies acompañantes terán que cumprir cos tamaños mínimos exixidos, non estar en veda e cumprir coas disposicións legais que lles sexan de aplicación.

6. Tamaño mínimo de captura.

O tamaño mínimo autorizado será de 11 cm.

7. Topes de captura.

Para o trimestre xaneiro, febreiro e marzo recóllese un tope máximo total (para os tres meses) de 20 toneladas.

Establécese unha cota de 100 kg por tripulante a bordo e día, ao que se lle sumarán 100 kg/barco/día.

8. Horario.

O descanso semanal do uso do xeito estará comprendido entre as 12.00 horas do sábado e as 12.00 horas do luns.

9. Puntos de control e venda.

Zonas de pesca, lonxas e puntos de venda autorizados.

10. Programa de seguimento e control.

Mensualmente farase un control interno da xestión do plan polas federacións, para o que as confrarías de pescadores deberán remitir os datos mensualmente das vendas rea-



lizadas nas súa respectivas lonxas. Para aqueles desembarcos/vendas en lonxas que non son xestionadas polas propias confrarías, esas embarcacións deberán remitir os datos a través da súa confraría.

11. Mostraxes.

Durante o período de vixencia do plan, técnicos da consellería poderán realizar en calquera das embarcacións participantes mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal xeito que se permita acadar os obxectivos propostos. A falta de colaboración neste eido ocasionará a baixa definitiva do plan.

12. Comisión de Seguimento.

Créase a Comisión de Seguimento do plan de xestión do xeito que se reunirá cunha periodicidade mínima trimestral e estará composto por representantes da Consellería do Mar e as federacións.

13. Extracción e comercialización.

O exercicio da actividade extractiva e comercial establecida neste plan está sometida ao estrito cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca.

14. Infraccións e sancións.

O incumprimento das condicións establecidas neste plan, poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante o conselleiro do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2024

O conselleiro do Mar
P.D. (Orde do 21.2.2022; DOG núm. 41, do 1 de marzo)
Antonio Basanta Fernández
Director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

CVE-DOG: nithtnk8-zfj8-fj5-hlj7-lse99mmbct11

